



CONCELLO DE VILASANTAR
C/Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.com www.vilasantar.gal 981 778 169

ACTA N° 2022/5

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

XOVES 28 DE XULLO DE 2022



ACTA Nº 2022/5

Asistentes:

PRESIDE:

FERNANDO JAVIER PÉREZ
FERNÁNDEZ

ASISTEN:

BNG
JOSE ANTONIO COTOS SEOANE
ALVARO XESÚS GARCIA FREIRE
MARTA GARCÍA SÁNCHEZ
PP
ÓSCAR VÁZQUEZ CORRAL
JESÚS GÓMEZ GARCÍA
JOSE DAVID PINTOR PAZO
MARTÍN GÓMEZ VÁZQUEZ

AUSENCIAS:

JOSE EMILIO MAHIA NEIRA

SECRETARIA

MARIA CHAO CARBALLEIRA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO NA SALA DE SESIÓNS O XOVES 28 DE XULLO DE 2022

Na casa do concello de Vilasantar, sendo as 19:00 horas, baixo presidencia do señor Alcalde, reúnen os Concelleiros e Concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

A continuación pasouse ao estudo da orde do día, adoptándose sobre os asuntos contidos na mesma os seguintes acordos.

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

PRIMEIRO. APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES

SEGUNDO. DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA

TERCEIRO. DACIÓN DE CONTA DOS ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

CUARTO. TOMA DE POSESIÓN DE D. MARTÍN GÓMEZ VÁZQUEZ COMA CONCELLEIRO DESTE CONCELLO

QUINTO. ESTUDO E APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL Nº 18 PREZO PÚBLICO CARPA MUNICIPAL



SEXTO. MOCIÓN

SÉTIMO. ROGOS E PREGUNTAS

En primeiro lugar, o Sr. Alcalde di que se cambiou o Pleno de día por vacacións da Secretaria.

Toma a palabra o Sr. Cotos Seoane (BNG) para dicir que levamos un ano que practicamente non se fixo un Pleno no seu día. Hai un acordo de Pleno para facer os Plenos cando se deben facer. Eu hoxe para vir tiven que deixar de facer certas cousas. Di que o Alcalde estao facendo fatal e non cumpre coas súas competencias.

Seguidamente, os tres Concelleiros presentes do Grupo BNG abandonan o Pleno.

1.-APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES

Apróbase a actas do Pleno 2022/4 por unanimidade dos Concelleiros presentes.

2.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA.

Dáse conta da posta a disposición de tódolos membros do Pleno da corporación dos decretos de Alcaldía emitidos dende a última sesión plenaria, a saber, os correspondentes ós números 144/2022 ó 198/2022.

O Pleno queda enterado.

3.- DACIÓN DE CONTA DOS ACORDOS DA XGL.

A Alcaldía di que a acta 5 de 28 de xuño de 2022 da Xunta de Goberno local foi remitida aos Concelleiros coa convocatoria

O Pleno queda enterado.

4.- CUARTO. TOMA DE POSESIÓN DE D. MARTÍN GÓMEZ VÁZQUEZ COMA CONCELLEIRO DESTE CONCELLO



Polo Sr. Alcalde dáse conta ao Pleno da expedición de credencial de Concelleiro pola Xunta Electoral Central en data 26 de maio de 2022 a favor de D. Martín Gómez Vázquez e de que foi formulada con data 2 de xuño de 2022 a declaración de bens patrimoniais e de causas de posible incompatibilidade e actividades que poidan proporcionar ingresos económicos, a efectos da súa incorporación ao Rexistro de Intereses dos membros da Corporación, tal e como prevén os artigos 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e 30 do R.D. 2568/1986 de 28 de novembro.

A continuación, pola Presidencia, a efectos do disposto no Real Decreto 709/1979, de 5 de abril, tómaselle ao Sr. Gómez Vázquez xuramento/promesa de cumprir fielmente as obrigas do cargo con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución coma norma fundamental do Estado.

O Sr. Gómez Vázquez promete, tomando, deste xeito, posesión do seu cargo de Concelleiro.

O Sr. Alcalde dálle ao novo Concelleiro a benvida á Corporación.

5.- ESTUDO E APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL Nº 18 PREZO PÚBLICO CARPA MUNICIPAL

Visto o expediente tramitado para a modificación da ordenanza fiscal nº 18 reguladora do prezo público polo uso da carpa municipal, así como o informe técnico económico e o informe de Secretaría-Intervención de data 20 de xullo de 2022.

O Sr. Alcalde expón que antigamente había unha fianza, coa modificación ponse un prezo de 200 euros. Xustifica o prezo por mor de que a carpa se deteriora e ten un custo de mantemento.

Sometido o asunto a votación, o Pleno, con catro votos a favor dos membros do PP, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal nº 18 reguladora do prezo público polo uso da carpa municipal, nos termos do proxecto que se anexa no expediente.

SEGUNDO. Expor ao público o anterior acordo, por prazo de trinta días hábiles, mediante anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.



TERCEIRO. Considerar, no suposto de que non se presentasen reclamacións ao expediente no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

6. MOCIÓN

Non houbo.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

O concelleiro do BNG, don Álvaro Xesús García Freire, presenta con rexistro de entrada nº 202299900000183 de 27 de xullo, as seguintes preguntas:

1.- En que estado se atopa a elaboración da **Relación de Postos de Traballo**.

O Sr. Alcalde responde que en dúas semanas teremos os borradores e levarémolos a negociación cos sindicatos. A negociación comezará en setembro. Inclúranse ás dúas ofertas de emprego público extraordinarias que se están tramitando.

2.- **Agora é o momento de revisar o estado das pistas de cara ao inverno. ¿O Concello ten previsto un plan para amañar pistas de forma urxente? No caso da súa existencia ¿que pistas se pensan amañar e cando?**

O Sr. Alcalde contesta que o Concello está a arranxar as pistas de Meilá, Mende e Porto. Tamén en Libioi, Toural e a Fonte. Está en licitación o tramo que vai de Baamonde ao Pereiro. Estamos agardando a que a Deputación autorice o POS 2022.

3.- **¿Que información ten a Alcaldía sobre os parques eólicos en tramitación que afectan ao noso Concello? ¿Celebráronse reunións con algunha empresa das que colaboran na tramitación dos parques ou das liñas de evacuación? ¿Existe algunha información a maiores das administracións implicadas?. Solicitamos copia da contestación da empresa ás alegacións iniciais presentadas polo Concello.**

Resposta o Sr. Alcalde que as alegacións están aquí para entregarllas. A información que temos é a que sempre fomos dando, hai catro empresas interesadas en asentarse no Concello. O parque Labandeira e o parque Brancellao contan con informe desfavorable da Xunta. Son do Ministerio e a Xunta informounos negativamente. Os outros dous parques tamén están parados. Non hai máis información a maiores. A empresa Ideas Ambientales solicitou unha reunión coa Alcaldía. Recibinos e díxenlles que chegan tarde, o normal é falar antes de asentar un parque no noso



Concello.

4.- A Enel Green Power España S.L. concedéuselle un permiso para a colocación dunha torre anemométrica na parroquia de Barbeito. ¿Onde está situada?.

O Sr. Alcalde contesta que nos prados de Paco de Xafeita.

5.- Nos decretos de Alcaldía figura un convenio co Concello de Boimorto para solicitar unha subvención para a creación dunha oficina municipal para implementación de medidas de repoboación rural vinculadas á transición ecolóxica que contribúa a mitigar o abandono rural. ¿Cál é o fin do convenio e da subvención solicitada?

Resposta o señor Alcalde que o fin é a creación dunha oficina para implementación de medidas de repoboación do rural e axudar a asentar poboación.

6.- O Concello de Vilasantar solicitou unha subvención para un proxecto de construción de instalacións municipais para a recollida separada dos distintos fluxos de residuos, puntos limpos da Concellería de Medio Ambiente. ¿En que consiste a obra e onde se propón a súa realización?

O Sr. Alcalde manifesta que a subvención financia un punto limpo, a súa construción, adquisición de contedores e un local onde se depositarán os enseres, favorecendo a economía circular e conseguir cumprir os obxectivos europeos de recollida. A ubicación non está decidida porque hai que cumprir unha serie de criterios.

Ás 19.36 horas non hai máis asuntos que tratar, polo que, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.

Vilasantar, á data que se recolle na marxe.
A Secretaria, María Chao Carballeira
Visto e prace, O Alcalde, Fernando Javier Pérez Fernández